



RESOLUCIÓN QUE AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO HORARIO DE RETIRADA DE VELADORES DURANTE AS FESTAS DO VERÁN.

Logo de examinar o expediente núm. 2019/AUTVELADORES/000016, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes:

FEITOS

O 24/6/2019 o Centro Comercial Urbano Zona Monumental, presentou no Rexistro do Concello co núm. 2019026142, un escrito no que solicita a ampliación do horario de retirada dos veladores durante o período do verán, de conformidade co disposto na Ordenanza de Veladores.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º O Pleno do Concello de Pontevedra, na sesión de 09/02/2018, aprobaba inicialmente a 1ª modificación da ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública. No BOP núm. 39, de data 23/02/2018, publicouse anuncio de exposición ao público, non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, polo que se entende elevada a definitiva a aprobación inicial, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Consonte ao art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procedeuse á publicación do texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor no BOP do 24 de abril e na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

2º O artigo 22 da ordenanza vixente, relativo ao horario de instalación e retirada dos veladores, dispón que:

“1. A instalación e funcionamento dos veladores, calquera que sexa a categoría do establecemento público ao que estean vencellados, quedará suxeita ao seguinte horario:

a) O horario de instalación e inicio, con carácter xeral, será ás 9:00 horas.

b) O horario de retirada e peche, con carácter xeral, será para todo o ano ata as 1:30 horas.

2. En ningún caso este horario suporá unha vulneración do establecido na normativa autonómica vixente para os horarios de apertura e peche dos establecementos públicos.

3. A retirada iniciarase coa antelación suficiente para que o velador estea completamente recollido no momento de remate do horario establecido neste artigo.

As operacións de recollida dos veladores efectuaranse co máximo coidado, aos efectos de minimizar a produción de molestias por ruidos que as mesmas poidan causar, quedando especificamente prohibido o arrastre dos elementos que o compoñan.

Durante as operacións de montado e retirada das terrazas e durante o seu funcionamento non se poderá oír a música que proveña do interior dos locais que teñan autorizados equipos de reprodución sonora ou actividade musical.

4. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante resolución ou acordo do órgano municipal competente, dentro das marxes que lle concede a normativa vixente”.

Pola súa banda, o artigo 23, baixo o epígrafe de “ampliación de horario”, establece que:

“Os horarios de inicio e remate da actividade dos veladores poderán ser ampliados media hora máis con ocasión da celebración das festas ou outros eventos e circunstancias excepcionais, debidamente motivadas, a xuízo do órgano municipal competente”.



3º Este Goberno Municipal, ven defendendo que a instalación de terrazas nas vías e espazos públicos, tradicionalmente coñecidas co nome de veladores, constitúe un atractivo e un elemento dinamizador da cidade que debe potenciarse dentro dos usos complementarios dos espazos públicos e elementos de convivencia.

Ademais de coadjuvar ao reforzo dos usos humanizados e peonís dos espazos públicos, estas instalacións danlle unha dimensión de estancia da que doutro xeito poderían carecer e permiten agromar sinerxias en torno ao emprego, á economía e ao turismo.

Na modificación da ordenanza referida introducíronse -logo da consulta cos sectores implicados- unha serie de trocos que permiten cohonestar este uso complementario e dinamizador da vía pública cos outros usos necesarios e prioritarios do espazo público e cos dereitos da veciñanza e demais usuarios da vía pública, revisándose entre outras a cuestión dos horarios.

4º Á vista da devandita solicitude e da petición maioritaria do sector da hostalería, procede, na opinión desta Concellaría, por unha banda, acceder á ampliación do horario vencellado ás festas de verán que habilita o artigo 23 citado e, ademais, utilizar a posibilidade establecida no parágrafo 4 do artigo 22 para determinar que o horario establecido se amplíe noutra media hora as noites dos venres a sábado, sábado a domingo e vésperas de festivo no citado período de festas, así como durante as festas da Peregrina, para a promoción do dinámico sector da hostalería, vencellado co ocio e coa promoción do turismo nesta cidade, con xustificación nas dificultades coas que atravesamos por mor da recente crise económica e mal tempo que padecemos nesta tempada estival.

5º Dado que o comezo das festas do verán coincide na práctica coas festas do San Bieito de Lérez o día 11 de xullo, e que a semana do 15 ao 28 de xullo desenvólvese na cidade outro importante encontro deportivo internacional como é o “Men,s Junior World Handball Championship”, esta Concellaría considera procedente que a ampliación se inicie o amentado día 11 de xullo e ata a celebración da feira franca.

6º A competencia para a resolución do procedemento corresponde á Xunta de Goberno Local como atribución reflectida nos artigos 124.ñ da Lei 7/85, na súa modificación introducida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e no art. 21.ñ do Regulamento Orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, aprobado polo pleno da corporación do Concello de Pontevedra na sesión que tivo lugar o 21/10/2005 (publicado no BOP Nº 248 do 28/12/2005). Esta atribución foi delegada na Concelleira de goberno responsable da Área de Protección Cidadá e Sostemento dos Espazos Públicos Urbanos por acordo da Xunta de Goberno Local do 15/6/2019.

Baseándose no exposto,

Resólvese

Primeiro.- Determinar, ao abeiro do disposto no artigo 23 da vixente Ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública e con ocasión celebración do Mundial Junior de Balonmán e do período das Festas do Verán - entre o día 11 de xullo ao 8 de setembro do 2019, ambos os dous inclusive -, que o horario de retirada e peche dos veladores se amplíe en media hora todos os días da semana e, asemade, ao abeiro do disposto no artigo 22.4 de dita Ordenanza, autorizar que o horario establecido se amplíe noutra media hora máis nas noites de venres a sábado, sábado a domingo e vésperas de festivo, quedando establecido do seguinte xeito:

- Con carácter xeral ás 2:00 horas da madrugada.
- Os sábados, domingos e festivos ás 2:30 horas.
- Na semana das festas da Peregrina (10 ao 19 de agosto ambos inclusive) ás 2:30 horas.

Segundo.- Lembrar que os veladores e os seus elementos retiraranse ás horas indicadas que se amplían pola presente resolución, podendo unicamente ficar amoreados no espazo público adxacente ao local durante o tempo que medie entre o horario de apertura do establecemento e o



horario de inicio da actividade dos veladores disposto na ordenanza e, entre o horario de peche que se amplía pola presente resolución e o horario de peche do establecemento, sen que, en ningún caso, estes amoreamentos poderán xerar unha barreira que interfira na circulación, no tránsito peonil, nas condicións de accesibilidade e uso da vía ou espazo público, nin nos recorridos de evacuación do local.

Terceiro.- Dar conta á Policía Local para o seu coñecemento e oportunos efectos, e publicar un anuncio da ampliación do horario decretada na web municipal, na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios municipal, con notificación á entidade solicitante.

Así dispúxose e ordenouse en Pontevedra, o día que figura na sinatura electrónica, dando fe o Secretario.

